

1-Organización da campaña

A Asociación de Autónomos de Comercio, Hostelería e Industria de Tomiño (en adiante ADETO), con domicilio social en Rúa Gondomar, 40, Galerías Comerciais, local B – 36740 Tomiño (Pontevedra), con CIF G-94054608, organiza a presente campaña: Pasaporte Adeto

2- Finalidade

Esta Campaña pretende premiar a fidelidade dos clientes, transmitíndolle aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios.

3-Duración

3.1.- A campaña iniciárase o 21 de xullo e durará ata o 15 de setembro de 2023 (ambos inclusive).

3.2.- Con todo, por causas de forza maior, dificultades extremas ou cuestións legais ou de calquera outro tipo que así o aconsellen, ADETO poderá decidir en calquera momento a interrupción e/ou finalización anticipada da promoción.

3.3.- Así mesmo, ADETO resérvase o dereito de ampliar a presente promoción en calquera momento.

4-Ámbito territorial

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na asociación, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos se atopen abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado).

5-Premios.

Haberá **1 sorteo de 500 €**, cun **primeiro premio de 300€ en vales de compra e un segundo premio de 200€ en vales de compra** entre todos os **pasaportes completados**. Os gañadores disporán de tres meses para canxear os vales en calquera dos establecementos participantes. Os establecementos que reciban este vale, deberán notificalo nas oficinas da asociación, acompañado dos tickets de venta, para o seu abono.

Realizarase **1 sorteo dunha noite para dúas persoas en Alto da Pousa con almorzo incluído**, entre todos os **pasaportes que non estean completos**.

O sorteo efectuarase o día 22 de outubro ás 20:30 h. nun espazo por determinar en O Seixo, Tomiño.

6- Dereito a participar e dinámica da campaña

Trátase dunha promoción de balde dirixida aos clientes dos establecementos asociados participantes. Pode participar calquera persoa física que realice algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada durante o período de vixencia da campaña. Repartiranse entre todos os establecementos participantes na campaña un número determinado de pasaportes, con seis recadros en branco e cun apartado para os datos do cliente.

Nestes recadros, cada establecemento selará (só unha vez en cada pasaporte) no momento de realizar a compra ou o consumo por parte do cliente por un importe mínimo de 20 €. Unha vez que o cliente encha o pasaporte cos seis selos e cos seus datos persoais, terá que entregalo en calquera dos establecementos participantes. A data límite para entregar o pasaporte é o 15 de setembro. Se nesa data o cliente non ten o pasaporte cos 6 selos, pode igualmente entregalo nun establecemento para participar no segundo sorteo.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estrito respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción. Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante cumprimentase o pasaporte con datos falsos ou utilizara de xeito inadecuado, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún. Do mesmo xeito, aqueles pasaportes nos que non consten de seis selos de diferentes establecementos, non terán opción á participar no sorteo. A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descualificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, ADETO, resérvase o dereito a exercer tódalas accións legais que lle asistan contra os infractores.

7- Entrega e aceptación de premios

ADETO, porase en contacto cos gañadores no número de teléfono facilitado no pasaporte. Unha vez contactados, os gañadores deberán confirmar a súa aceptación do premio. No suposto de que os gañadores non aceptaran o premio nas condicións e prazos establecidos ou non puideran ser localizados mediante os datos facilitados, pasarase realizar novamente o sorteo, seguindo idéntico proceso. De resultar infrutuoso o intento, os premios quedarán desertos.

Os premios da presente promoción en ningún momento poderán ser obxecto de cambio, alteración, compensación ou cesión a petición do gañador.

Para gozar do 1º e 2º premio, daráselles aos gañadores vales por valor de 300 € e 200€ respectivamente, que terán que gastar nun mínimo de tres establecementos participantes nesta campaña.

Os gañadores terán que recoller o premio no local de Adeto e deberán vir provistos dalgún documento identificativo (DNI ou Carnet de conducir).

8- Fiscalidade e Responsabilidades

1. ADETO non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei lle correspondan satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

2. De conformidade coa normativa do IRPF o premio desta promoción estará suxeito á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF e o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF. Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vinculadas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premios sexa superior a 300 €.

3. ADETO queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.
4. ADETO non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
5. ADETO non será responsable se, ao tratar de contactar co teléfono do gañador, está fóra de servizo ou non o recibe axeitadamente.

9-Tratamento dos datos de carácter persoal, cesión de dereitos de imaxe e demais dereitos

A efectos de dar cumprimento ao establecido na normativa vixente de protección de datos persoais, ADETO infórmalle que os datos de carácter persoal proporcionados polos participantes na campaña poderán ser incorporados a un ficheiro coa finalidade de xestionar a súa participación na presente promoción así como a xestión do premio recibido. Informámoslle que os seus datos poderán ser cedidos aos diversos asociados de ADETO. De igual modo lle informamos que o prazo de conservación dos datos será o necesario para dar cumprimento ás finalidades explicitadas.

Os participantes poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición, revocación do consentemento prestado así como reclamar ante AEPD.

ADETO adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

O gañador desta campaña autoriza a ADETO a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que estea relacionada coa mesma, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da gravación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

O mero feito de participar nesta campaña implica a aceptación das presentes Bases sen reservas e o expreso sometemento ás decisións interpretativas de ADETO. No caso de que o usuario non estea de acordo con ditas condicións, non debe presentar o pasaporte, dado que ó presentalo e a participación na presente campaña, supón a asunción e aceptación total ás devanditas condicións. En caso de suscitarse problemas ou incidencias na interpretación das presentes Bases ou no desenvolvemento da promoción, estarase aos criterios que aplique ADETO someténdose en caso de conflito aos Xulgados de Tui, renunciando expresamente as partes a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

ESTE VERÁN CUBRE O TEU PASAPORTE ADETO

Pasos a seguir:

Prazo máximo para entregar o pasaporte (cuberto ou non): 15 de setembro

1. Sorteio: 21 de setembro ás 20 h. en Tomiño. Consigue o teu pasaporte nun dos establecementos adheridos á campaña.
2. Cando fagas unha compra de 20 € ou máis nun destes establecementos, pide que te selen o pasaporte nun dos ocios.
3. Completa o teu pasaporte en 6 establecementos diferentes e entrégao nun deles antes do 15 de setembro.
4. **Non o completaches?** Pois podes entregalo de todos modos antes do 15 de setembro.

Premios:

1. Premios de 300 € e 200 € en vales de compra para consumir nos establecementos participantes a sortear entre todos os pasaportes completos.
2. Unha noite para dúas persoas en Alto da Pousa con almorzo incluído, a sortear entre todos os pasaportes incompletos.

Datas:

Do 21 de xullo ao 15 de setembro de 2023

Establecementos participantes:

A COQUETIÑA	FARMACIA IGLESIAS	NUEVA COLINA
AGRÍCOLA TOMIÑO	FLORISTERIA LILAS	OLALÁ
ALIM. Y ESTANCO EMPALME	GALIÓPTICA	OPTICA CENTRAL
ALIPROX	HAPPY KIDS	PELUQUERÍA ISABEL RODRÍGUEZ
ARCO DA VELLA	J CARRERA DECORACION	PURIFICACIÓN PELUQUERÍA
ARTE PELUQUERÍA	L&R PELUQUERÍA	RESONI
BACELO	LA DE MAIKA	RIVEIRO PELUQUEROS
BAR XUVENTUD	LA DULCEKATTA	RO&RO
BEATRIZ DIETISTA	LIBRERÍA IDEAS	RODRIGUEZ "THE BRAND STORE"
CALZADOS GONZÁLEZ	LIBRERÍA NOVIDADES	ROUPA PAREDES
CANGURIÑOS	LIMÓN Y FRESA	STREETWISE BABI
CENTRO VETERINARIO BAIXO MIÑO	LITO SPORT	SUMYCOL
CHÉVERE	MARTIAN TOYS	SUPERMERCADOS TURONIA
CLÍNICA DENTAL IGNACIO RORÍGUEZ	MASTER TOMIÑO	TALLER RIAS BAIXAS
CLÍNICA DENTAL LOPEZ SOUSA	MEU FIT	TAPERÍA OS CASQUEIROS
CONFECCIONES ISABEL	MOLDES	TRECE TAPAS TOMIÑO
MAT. DE CONST. FCO. FERNÁNDEZ	MORELL 85	VIAJES GALICIES
DONNA BELLA	MUEBLES ÁLVAREZ	VIVEROS NILO
DROGUERIA PERFUMERIA NOBEL	MUEBLES COSTA	WOODY POOL
ESTÉTICA HEBE	MUNDO DULCE	